



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### TEO

*Anuncio de corrección de erros bases convocatoria deportes 2022*

#### EDICTO

#### ANUNCIO DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS E CORRECIÓN DE ERRO MATERIAL DAS BASES DE SUBVENCÍONS DA CONVOCATORIA DE DEPORTES PARA 2022

No Boletín Oficial da Provincia da Coruña de data 29/08/2022 (número 163) publicáronse as Bases reguladoras para a convocatoria de subvencións a clubs deportivos sen ánimo de lucro e deportistas federados/as polas actividades realizadas e para a preparación das diferentes competicións durante o ano 2022, que foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 18/07/2022.

Detectado un erro material na base 4.3 da convocatoria (presentación de solicitudes), acordouse por resolución de Alcaldía de data 29/08/2022 avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local e correxir o erro material detectado, quedando redactado o citado parágrafo conforme se detalla a continuación:

“O prazo é de quince (15) días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia”

Publícase o presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, facendo constar que o prazo para a presentación de solicitudes comezará a contar dende o día seguinte ao da publicación no BOP do anuncio de corrección.

Teo, 30 de agosto de 2022

O alcalde

Rafael Carlos Sisto Edreira